



Xoán Manoel Sande Muñiz, Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, presenta para o vindeiro Pleno Ordinario da Corporación o seguinte **ROGO**:

O paseo fluvial constituído na beira do río Anllóns, desde Gabenlle ata o Formigueiro, é unha infraestrutura moi utilizada, son moitas as persoas que acoden ao mesmo e pensamos desde o BNG que é un recurso moi positivo para todas as larachesas e laracheses e tamén as persoas que nos visitan, mais tamén consideramos que se podería aproveitar algo máis, e que ademais de poder pasear, as persoas tamén poderían recibir información relativa á flora e a fauna da zona, tamén á toponimia, aos nomes dos lugares por onde pasan ao longo do río.

Así mesmo, tamén consideramos que sería moi bo incluír nalgunha zona do paseo, que sexa espaciosa (podería ser na zona de descanso perto de Leborís, por exemplo), algúns aparatos para que as persoas poidesen facer exercicio físico, fundamentalmente para as persoas maiores. Trátase dunha infraestrutura cun escaso custe económico, e que pode vir moi ben sobre todo ás persoas maiores (aparatos como os que hai, por exemplo, nalgún punto do paseo fluvial de Carballo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG **SOLICITA** que desde o goberno municipal se adopte a decisión de instalar os seguintes equipamentos no paseo fluvial do río Anllóns:

- **Sinalización da flora e a fauna do entorno.**
- **Sinalización da toponimia das distintas zonas ao longo do río.**
- **Aparatos para a práctica de exercicio físico nalgunha zona espaciosa do paseo.**

A Laracha, 7 de novembro de 2008

Asdo.: Xoán M. Sande Muñiz,
Portavoz do Grupo Municipal do BNG